

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para o primeiro curso da etapa de Educación Primaria do CPI Plurilingüe de Vedra, a cal vai ser levada a cabo dende a área de Ciencias Sociais. Trátase dun centro de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, que escolariza alumnos/as pertencentes na súa maioría ao concello de Vedra aínda que unha parte do alumnado procede dos concellos limítrofes de Boqueixón e Teo. A área de Ciencias Sociais concíbese co obxectivo de que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respetuosas co seu entorno próximo e afastada. Para iso esta área engloba diferentes disciplinas e relaciónase con outras áreas do currículo, a través dos seus catro bloques de contidos: o bloque número 1, "Ciencia e tecnoloxía"; o bloque número 2, "O mundo e o desenvolvemento sostible"; o bloque número 3, "Vivir en Sociedade"; e o bloque número 4, "Leccións do pasado". No presente curso escolar o alumnado deste nivel educativo está repartido en dous grupos: 1ªA, con 14 alumnos/as e 1ªB con 13 alumnos/as. Incorporáanse seis alumnos/as novos procedentes doutros centros, os cales foron repartidos en ambas aulas. Hai que destacar que nesta programación se recollen medidas específicas para a atención á diversidade. A lingua predominante entre o alumnado é o galego, presentando as familias un nivel socioeconómico medio.

Nesta programación reflectiranse os obxectivos e competencias a acadar; unidades didácticas; metodoloxía; avaliación; a atención á diversidade; elementos transversais e a práctica docente.

No que respecta a área de Ciencias Sociais, o alumnado debe adquirir os coñecementos, as destrezas e actitudes relacionadas co uso seguro e fiable das fontes de información e coa educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, que inclúe entre outros: o coñecemento e o impulso para traballar a favor da consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o respecto pola diversidade etnocultural e afectivo-sexual, a cohesión social, o espírito emprendedor, a valoración e conservación do patrimonio, o emprendemento social e ambiental e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en resumo, nenas e nenos comprometidos co planeta e coas persoas, que chegarán a ser persoas adultas con intereses e inquietudes para conservar a contorna que os rodea.

Todo isto levarase a cabo nas diferentes unidades didácticas que conforman esta programación, as cales foron elaboradas atendendo ao Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Convivo con moitas persoas	Ao longo desta primeira unidade do curso trataremos de coñecer a contorna máis próxima aos alumnos/as: a escola e a familia. Abordaranse aspectos relacionados coa aula, a vivenda e as relacións de parentesco máis próximas.	17	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Vivimos nunha casa	Trataranse aspectos como o respecto e coñecemento das normas básicas como peóns ou os dereitos e deberes como membros da sociedade que teñen os alumnos e alumnas, así como o respecto das opinións de todos os compañeiros/as a través do traballo da asemblea.	17	12	X		
3	Que hai onde vivo?	Trataremos que o noso alumnado, durante esta segunda UD do curso, coñeza os distintos elementos que configuran as rúas así como os tres tipos de localidades: aldea, vila e cidade.	17	12		X	
4	Que vexo arredor de min?	Introduciremos os conceptos básicos da Terra, o Sol e a Lúa, así como dos fenómenos metereolóxicos máis destacados.	17	12		X	
5	Gústame viaxar	Unida destinada aos diferente tipos de vehículos e transportes	17	12			X
6	Medimos o tempo	Trabállanse as nocións de tempo máis amplas, pasado-presente-futuro, inciarémonos no achegamento ás fontes históricas e patrimonio histórico.	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Convivo con moitas persoas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Vivimos nunha casa	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Que hai onde vivo?	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñecer estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> </ul>



Contidos
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
4	Que vexo arredor de min?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñecer estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecendoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Gústame viaxar	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Medimos o tempo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> </ul>

## Contidos

- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Á hora de seleccionar a metodoloxía que debemos empregar na aula debemos ter moi claro as características do alumnado para o cal vai dirixida. Para iso, nesta área, fomentaremos unha aprendizaxe competencial, vivencial e manipulativa, buscando en todo momento a interdisciplinidade e abordando os diferentes elementos transversais. Para iso, dende a área de Ciencias Sociais, as actividades a realizar con máis frecuencia son:

- Lectura comentada en voz alta na clase (a medida que avance o curso e se adentren na adquisición da lectura podrán facer pequenas lecturas en voz baixa). Neste momento explícanse os conceptos novos, explícanse exemplos o máis accesibles posible á realidade do alumnado (do entorno, das noticias...) e acláranse as posibles dúbidas.

- Visionado de vídeos, imaxes na PDI da aula relacionados co tema. A finalidade é clarificar conceptos, ampliar contidos e despertar a curiosidade do alumnado. Tamén axudar ao alumnado a percibir de xeito concreto conceptos que quizais perciba como moi abstractos.

-- Realización de actividades no caderno que amosen a comprensión real dos conceptos. Neste nivel contamos cos libros globalizados de Santillana. Ademais resumiremos os contidos a través da realización de lapbooks e flipbooks, por exemplo, sobre as diferencias entre a aldea, a vila e a cidade.

-- Realización de actividades prácticas que reflexen os contidos a asimilar: xogos para practicar as relacións de parentesco,, crebacabezas...

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. .

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

--- Creación de recunchos na clase como, por exemplo, o da reciclaxe.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente serán moi visuais polo que irán acompañadas de imaxes, vídeos e maquetas.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de pequenos experimentos.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libreta e caderno
Computador de aula
PDI
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Genially
Educaplay
Liveworksheets
Kahoot
Lapbooks e flipbooks.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo ao comezo do curso, na segunda semana aproximadamente, así como ao comezo de cada unidade didáctica, sendo o obxectivo primordial das mesmas a comprobación dos coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Estas avaliacións realizaranse do seguinte xeito:

1. O primeiro que teremos que facer detalladamente será unha revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
2. Datos relevantes que as familias nos poidan aportar, para iso ao longo das primeiras semanas de curso iremos tendo reunións individuais con cada unha delas.

Para a avaliación das competencias e contidos empregaremos os seguintes recursos e actividades:

1. Choiva de ideas, por exemplo, sobre os diferentes grados de parentesco que coñecen.
2. Uso de maquetas e imaxes, por exemplo, para comparar unha aldea e unha cidade.
3. Xogos como o bingo ou a ruleta.
4. Uso de recursos dixitais como Kahoot e Plickers.
5. Asamblea sobre a importancia do coidado da súa contorna.

Estas son algunhas das técnicas que empregaremos para identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual, permitiéndome deste xeito adaptar os contidos e actividades as características individuais de cada neno/a, tanto para o seu reforzo como ampliación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tratarémos que o noso alumnado, durante esta segunda UD do curso, coñeza os distintos elementos que configuran as rúas así como os tres tipos de localidades: aldea, vila e cidade.

Dende a necesaria flexibilidade que precisa todo aquilo que é planificado, debe especificarse que a avaliación será susceptible de ser concretada ao longo de cada unidade didáctica na procura de adaptarse dun xeito máis fidedigno e axeitado aos contidos que son desenvolvidos en cada unha, facilitando así a cualificación dos discentes.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para cualificar ao alumnado.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.35 + nota 3ª avaliación x 0.35

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para iso será fundamental o traballo coordinado entre Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

En canto ás medidas de atención á diversidade que debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación, están por un lado as medidas ordinarias e por outro as medidas extraordinarias, poñéndose en marcha estas últimas unha vez se esgoten as primeiras.

Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, sendo algunhas das mesmas: o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Así, entre as medidas coas que contaremos neste nivel na área de Ciencias Sociais destacamos: adecuación dos contidos e tempos ás necesidades do grupo-clase; apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria; un programa de habilidades sociais para traballar e reforzar a autoestima e empatía coa fin de favorecer a unión do grupo e o traballo en equipo; realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais; deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X			X
ET.4 - Competencia dixital						X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X		X
ET.6 - Emprendemento						X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	X			
ET.10 - Desenvolvemento sustentable				X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X			
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha Granxa-escola	No mes de xuño esta visita terá como obxecto traballar a educación medioambiental.			
Participación no programa Vexo Vexo Xacobeo	No segundo trimestre faremos un tramo co Camiño de Santiago non que analizaremos a nosa contorna			
Charlas formativas	Está prevista unha charla sobre incendios a través do programa de Voz Natura.			



### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Consegiuse motivar ao alumnado?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?

### Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos

trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

## **9. Outros apartados**